

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de xullo de 2022**

Ás 17.30 horas do día 20 de xullo de 2022, reúnese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Rosendo Luís Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE XUÑO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de xuño de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 15 de xuño de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: MODIFICACIÓN DA BASE 5 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO INORDE PARA O ANO 2022.-

A interventora acctal. expón o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta se para a concreción das subvencións nominativas se suplementa o orzamento ou se estas cantidades xa estaban consignadas.

O **presidente da comisión** contesta que se trata unicamente de concretar os beneficiarios da subvención e que a partida xa estaba nas previsións iniciais do orzamento de 2022.

Aproveita para contestar unha pregunta formulada por dona Margarita Pérez, do Grupo Socialista, no Consello Reitor do Inorde, sobre a porcentaxe de subvencións concedida respecto á solicitada por estes concellos, engadindo que a porcentaxe é do 100% no caso do Concello de Parada de Sil e do 50% no caso do Concello da Veiga.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de Do (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da base 5ª das de execución do orzamento do INORDE para o exercicio 2022, para a especificación da dotación orzamentaria e beneficiario das subvencións nominativas segundo o cadro seguinte:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Parada de Sil	Autobús lanzadeira Parada de Sil-Mosteiro de Sta. Cristina	10.000,00 €
Concello da Veiga	II Exposición gandeira e agrícola de Trevinca	15.000,00 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e

presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

3º.- EXPEDIENTE N° 5/2022 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O EJERCICIO 2022.

A interventora acctal. expón o contido da proposta.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, pide que se lle expliquen as modificacións respecto do Concello de Bande, do que unha figura na proposta da Presidencia e outra nunha emenda remitida no día de onte.

O **presidente da comisión** explica que se trata de dúas subvencións con obxectos distintos e que nas dúas se fai a petición da alcaldesa do Concello, tal e como consta na proposta e na emenda.

D. Bernardo Varela López, do BNG, anuncia a súa abstención, sinalando que seguramente as solicitudes de cambio do obxecto dos diferentes concellos sexan adecuadas, se ben nesta forma de proceder o que subxace é a falta dun plan provincial de cooperación cos concellos cun reparto xusto e equitativo, e que lles permita aos concellos decidir sobre o destino das subvencións.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, sinala que o seu grupo se vai abster e que lle chama a atención a solicitude de cambio de obxecto que formula o Concello de Rios, que dispoñía dunha primeira subvención por importe de 60.000 euros e que agora a divide en dous proxectos, de 48.000 e 12.000 euros respectivamente, engadindo que pensa mal e acertará.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 5/2022, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, consistente nas seguintes variacións que **non afectan cuantitativamente** ao orzamento xeral do exercicio 2022:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase

unha subvención ao **Concello da Peroxa** para a execución da obra **“Humanización de rúas das vivendas sociais ”** por importe de 41.000,00 euros. Con base na solicitude presentada polo Concello da Peroxa de data 09 de xuño de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser **“Humanización de vivendas sociais e contorna na Peroxa. Plan Hurbe”**.

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello da Peroxa	Humanización de vivendas sociais e contorna na Peroxa. Plan Hurbe.	41.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención ao **Concello de Bande** para a execución da obra **“Saneamento Escola de Baño ”** por importe de 36.000,00 euros. Con base na solicitude presentada polo Concello de Bande de data 17 de xuño de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser para a **“Mellora de infraestrutura de depuración en Recarei, Bande, Ourense”**.

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Bande	Mellora de infraestrutura de depuración en Recarei, Bande, Ourense	36.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/489.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención á **Asociación de cabalistas O Mundil** para **“Gastos de funcionamento ”** por importe de 10.000,00 euros. Con base na solicitude presentada polo presidente da asociación de data 21 de xuño de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o

mesmo día **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser para a **“construción dun peche perimetral dos terreos da Asociación de cabalistas O Mundil”**.

450.12/789.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación de cabalistas O Mundil	Construción dun peche perimetral dos terreos da Asociación	10.000,00 €

d) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención ao **Concello de Riós** para **“Funcionamento do Centro de día”** por importe de 60.000,00 euros. Con base na solicitude presentada polo Concello de Riós de data 08 de xullo de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **acórdase o cambio da finalidade de parte da subvención** pasando a ser **“Adecuación enerxética do Centro de día”**, e polo importe de 48.000,00 €, quedando os restantes 12.000,00 € para a mesma finalidade que se aprobou na sesión plenaria do 29 de abril de 2022.

Polo tanto, procedese neste acto ao cambio de aplicación orzamentaria dentro da mesma área de gasto dos 48.000,00 € pasando a un capítulo 7.

A subvención ao concello de Riós queda da seguinte maneira;

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Riós	Adecuación enerxética do Centro de día	48.000,00 €

Na aplicación orzamentaria **450.12/462.00 “ Cooperación provincial. A concellos”**

Beneficiario	Finalidade	Importe
--------------	------------	---------

Concello de Riós	Funcionamento Centro de día	12.000,00 €
------------------	-----------------------------	-------------

e) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención ao **Concello da Rúa** para a execución da obra **“Saneamento e reparación rúa Cegoña”** por importe de 48.000,00 euros. Con base na solicitude presentada polo Concello da Rúa de data 16 de xuño de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser para a obra **“Reforzo firme e pavimentación rúa a Santa”**.

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello da Rúa	Reforzo firme e pavimentación rúa A Santa	48.000,00 €

f) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención ao **Concello de Bande** para **“Proxecto Bande Termal”** por importe de 34.000,00 euros. Con base na solicitude presentada polo Concello de Bande de data 16 de xuño de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a denominarse **“Servizos técnicos e premios”**, dentro da mesma área de gasto, pasando do capítulo 7 ao capítulo 4.

450.12/762.00 “Cooperación provincial. A Concellos”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Bande	Servizos técnicos e premios	34.000,00 €

5 .- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín

Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

4º.- MODIFICACIÓN DAS TARIFAS RESULTANTES DA LIQUIDACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ” E NOUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES OU XESTIONADAS POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE.

O Sr. secretario explica o contido da proposta, indicando que ao tratarse dunha competencia delegada o acordo se adoptará na Xunta de Goberno.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno do seguinte acordo:

1º. Modificar as tarifas resultantes da liquidación dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz” e noutras instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola Deputación de Ourense, do xeito seguinte:

PAVILLÓN AUXILIAR

1.- Actividades deportivas (por hora ou fracción)

Adestramento; partido completo sen “recadación”; partido completo con “recadación”:

1.1.- Pista completa: 12,00 euros; 22,00 euros; 35,00 euros

1.2.- Media pista: 8,00 euros; ---; ---

2.- Festivais e actos deportivos organizados por colexios e institucións culturais e recreativas: 200,00 euros por acto e xornada.

3.- Actos, exposicións e actividades alleas ao deporte: 500,00 euros, por acto e xornada.

PAVILLÓN PRINCIPAL

1.- Actividades deportivas (por hora ou fracción)

Adestramento; partido completo sen “recadación”; partido completo con “recadación”: 1.1.-

Pista completa: 22,00 euros; 30,00 euros; 54,00 euros

1.2.- Media pista: 11,00 euros

1.3.- Un terzo de pista: 6,00 euros

1.4.- Outros espazos (tras rede, corredores, salas polivalentes...): 6,00 euros

2.- Espectáculos deportivos: pista completa: 752,00 euros por xornada.

3.- Festivais e actos deportivos organizados por colexios e institucións culturais, deportivas ou recreativas, sen ánimo de lucro: 400,00 euros por acto e xornada.

4.- Actos, exposicións, festivais e espectáculos artísticos ou culturais e, en xeral, actividades alleas ao deporte, que non teñan carácter profesional: 1.000,00 euros por acto e xornada.

5.- Actos, exposicións, festivais e espectáculos artísticos e actividades alleas ao deporte en xeral, de carácter profesional: 2.000,00 euros por acto e xornada.

TRABALLOS DESEMPEÑADOS POR EMPREGADOS DA DEPUTACIÓN

De conformidade co previsto no artigo 10 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz”, no suposto de que os organizadores das actividades sinaladas nos parágrafos anteriores, solicitasen que por parte dos empregados da Deputación se levasen a cabo os traballos de gravación ou retransmisión por streaming ou transmisión por secuencias, venda de entradas, vixilancia, fontanería, electricidade, limpeza, montaxe e desmontaxe de escenarios, estruturas deportivas, pantallas, palcos ou calquera outra instalación ou servizo técnico necesario para o desenvolvemento da actividade e tendo en conta a complexidade e dedicación para a execución destes, a Deputación de Ourense esixirá o aboamento dunha tarifa de 25 euros por hora ou fracción por cada empregado ou técnico da Deputación Provincial de Ourense que participe na execución dos devanditos traballos. **ESCOLAS DEPORTIVAS.**

ABOAMENTO POR TEMPORADA

Escolas de educación física de base e de diferentes disciplinas:

Temporada completa: 90,00 euros que se poderán aboar ben nun pago único, antes do 30 de setembro ou ben fraccionado en dous prazos, o primeiro prazo, antes do 30 de setembro do ano en curso (50 % da inscrición) e o segundo prazo, antes do 30 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se aboa o primeiro prazo (50 % restante)

A inscrición é por escola deportiva individual, non sendo acumulable ni transferible con outras escolas.

PROGRAMA DE FITNESS

O programa de fitness, de acordo coas tarifas que se reflectirán neste apartado, inclúe as seguintes actividades:

a) Sala cardiovascular

b) Pesas

c) Clases colectivas

- Fitness individual: 29,00 euros/mes.

- Discapacitados, desempregados e xubilados, 20,00 euros/mes. (Acreditar a condición mediante certificado, tarxeta ou documento público emitido por órgano competente)

- Carné mozo: 23,00 euros/mes.

- Fitness mañá: 16,00 euros/mes (de 07.00 horas a 14.00 horas).

- Fitness (unha xornada): 5,00 euros.

ZONA AUGAS SPA

- Usuario con abono mensual ou anual de fitness: terá dereito ao goce da zona de augas SPA dentro dos horarios e condicións establecidas pola dirección da instalación.

- Usuario con abono dunha xornada de fitness: prezo público da xornada (5,00 euros) + 4,00 euros polo goce da zona de augas SPA (9,00 euros).

FISIOTERAPIA

- Usuarios con abono mensual ou anual de fitness:

a) Tratamento dunha hora: 15,00 euros.

b) Tratamento media hora: 9,00 euros.

- Usuarios con abono dunha xornada de fitness:

a) Tratamento dunha hora: 20,00 euros. (15,00 euros do tratamento + 5,00 euros do abono diario).

b) Tratamento media hora: 14,00 euros. (9,00 euros do tratamento + 5,00 euros do abono diario).

BONO FITNESS ANUAL

Co fin de facilitar e garantir a continuidade nos programas de fitness, establécense as seguintes tarifas bonificadas anuais que poderán ser obxecto dun pago único ou ben fraccionado en dous prazos, o primeiro no momento de darse de alta (50 % do bono) e o segundo nos tres meses seguintes ao do aboamento do primeiro prazo (o restante 50 % do bono)

- Individual: 231,00 euros.

- Discapacidade en grado igual ou superior ao 33%: 159,00 euros. (Acreditar a condición mediante certificado, tarxeta ou documento público emitido por órgano competente)
- Xubilado ou pensionista: 159,00 euros. (Acreditar a condición mediante certificado, tarxeta ou documento público emitido por órgano competente)
- Carné mozo: 183,00 euros.
- Fitness mañá (de 07.00 horas a 14.00 horas): 126,00 euros.

BONOFITNESS ANUAL FAMILIAR

Co propósito de facilitarlles a práctica do fitness ás familias, establécense os seguintes descontos no bono anual, nas condicións que se indican:

- Primeiro membro da unidade familiar: aboará a cota íntegra correspondente.
- O segundo, terceiro e restantes membros da unidade familiar: 30% de desconto sobre a tarifa que lle correspondera.

Aplicaráselle sempre a tarifa máis alta ao primeiro membro da unidade familiar. Esta redución porcentual non se aplicará cando se trate de tarifas xa bonificadas. Para os efectos de aplicación dos descontos previstos neste apartado, enténdese por unidade familiar:

1.- Os cónxuxes unidos en matrimonio (do mesmo ou distinto sexo) e os seus descendentes que convivan con eles e estean ao seu cargo.

a) Neste suposto, para acreditar a unidade familiar, achegarse ben o Libro de Familia completo no que consten os cónxuxes e os seus fillos ou fillas que estean o seu cargo, ben a certificación de matrimonio do Rexistro Civil, acompañada, de ser o caso, da certificación do Rexistro Civil de nacemento dos fillos ou fillas que estean ao seu cargo. b) En caso de familias monoparentais a unidade familiar poderase acreditar:

- Mediante certificado expedido pola Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.
- Mediante Libro de Familia dun so proxenitor.
- Mediante Libro de Familia de dous proxenitores acompañado de sentenza xudicial de separación, divorcio ou nulidade.
- Mediante sentenza xudicial que acredite a condición de vítima de violencia de xénero do proxenitor con quen conviven os fillos.

c) As unións de feito que estean inscritas no rexistro correspondente e os seus descendentes que convivan con eles e estean ao seu cargo.

Para acreditar as persoas que forman a unión de feito, poderá achegarse:

- Inscripción no Rexistro específico da Comunidade Autónoma ou do Concello respectivo do lugar de residencia.
- Escritura pública outorgada ante notario.
- Conta bancaria en común.
- Empadramento ou enderezo fiscal común, que acredite a convivencia da parella no mesmo enderezo.
- Tarxeta da Seguridade Social, na que conste a designación dun dos conviventes como beneficiaria/o.
- Existencia de fillos en común, acreditada a través do Libro de Familia.

PERDA OU EXTRAVÍO DE BONO ANUAL OU FAMILIAR

No caso dos bonos anuais e familiares a renovación de carné ou bono por perda ou extravío: 1 euro.

2º. Publicar este acordo no BOP, para os efectos da súa entrada en vigor e para xeral coñecemento.

5º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, realiza un rogo que considera máis ben de carácter técnico e é que dos decretos das asignacións aos grupos políticos provinciais e que foron solicitados polo Grupo Socialista só se lle remitiron os dos meses de maio e xuño. Pide que se lle remitan tamén os dos meses de xaneiro a abril e que no sucesivo lles sexan trasladados sen necesidade de formular petición, xa que o seu grupo precisa destes decretos para xustificar a propia asignación que reciben desde a Deputación e tamén ante os órganos da súa formación política.

E, ás 17.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

.

